

«Louise Colet» en *Les Bas-bleus* Victor Palmé; G. Lebrocquy, 1878,
pp. 237-252.

Jules Barbey d'Aurevilly
Tradución de Isabel Soto

I

Esta non é só unha *bas-bleu*. É a reencarnación da *bas-bleu*. Elévase até a abstracción! Coma as demais, coa vaidade cegadora do xénero, as pretensións, o orgullo fóra de lugar, o ridículo e a inutilidade. A señora Louise Colet tamén ten todo isto, pero con máis insolencia e provocación, a provocación covarde e xactanciosa dunha muller que sabe que en Francia a unha saia se lle permite todo, sen perigo ningún... Aprendeuno durante a súa vida e sabíao mellor ca ninguén. Na historia literaria do século XIX –na súa parte burlesca–, non esquecemos nin esqueceremos como acoitelou a Alphonse Karr para castigalo por picala nas súas *Guêpes*. Quen non o lembra? Alphonse Karr arrincou tranquilamente o coitelo do lugar onde ela llo cravara e exhibiuno na cambota da cheminea con esta serena inscrición «regalado pola señora Louise Colet... nas costas». Tampouco ninguén esqueceu a cuspidela que un serán, en pleno salón, lle espetou ao rostro sorprendido do capitán D'Arpentigny, porque este ousara gabar a señora George Sand diante dela. O capitán D'Arpentigny, autor dun encantador libro sobre a fisionomía da man e, xacando, a máis elegante fusta do Corpo de Gardas, esqueceu que aquel día tiña unha, e cubriu co desprezo máis misericordioso e alegre esta Furia... A través destas actitudes –xa lendarias–, veremos sempre a señora Colet cando se nos ocorra mirala. Foron cousas deste estilo as que lle concederon uns instantes de gloria, ben máis ca o talento que non tiña. Noutro lugar chameille Théroigne de Méricourt Philaminte¹. Foi unha Théroigne tratada

1 Anne-Josèphe Théroigne de Méricourt (Marcourt, 1762-París, 1817), unha personalidade política durante a Revolución francesa. Era a única muller nas tribunas, e para asistir disfrazábase de home. Frustrada polas poucas oportunidades para as mulleres, traballou na creación de clubs e sociedades patrióticas femininas ou mixtas. A prensa cebouse con ela, ridiculizándoa e insultándoa como cualificativos como «puta dos patriotas», ou presentándoa como una libertina que se deitaba con todos os deputados. Sufriu humillacións e agresións que derivaron, ao final dos seus días, na loucura, o que a levou a ser internada en diferentes institucións. Finalmente, en 1807 fue ingresada no Hospital de la Pitié-Salpêtrière, onde permaneceu até a súa morte.

con deferencia... E isto con certeza debeu redobrar cun despeito cargado de humillación a cólera e o resentimento desta violenta *bas-bleu* contra o *sexo forte*, ao que rexeitaba e odiaba por xunto, pero ao que aceptaba moi ben e non odiaba ao retallo... O *sexo forte* da época contentábase con rirse dos seus terribles aires de Medusa, considerando divertida esta unión, pintorescamente claudicante, dunha Gorgona cunha señora Trissotin²!

Durante toda a vida foi ambas as dúas, e niso mesmo reside a súa orixinalidade. Unha vaidade monstruosa que nunca esmorecerá e que mantivo até o seu último día sobre unha trepia de pitonisa, disposta a guindarcha á cabeza coma unha cociñeira a pouco que contestases a inspiración ou a trepia! Se as facultades da intelixencia fosen as únicas na señora Colet, acontecería como cunha multitude de mulleres que irritan a atención durante dous días e logo marchan: «onde vai a folla da rosa / e a folla *de papel!*» (o papel que elas escriben!).

Pero ás súas facultades sumáronse as súas paixóns, sobre todo esa «forza na boca» que a diferencia entre as *bas-bleu*; por esta razón, aos necios parecíalles atronadora, e aínda se garda lembranza do seu ruído. Este demo de muller, en efecto, non tiña nada en común coa *bas-bleu* de dozura humanitaria, que babexa paz, fraternidade e o ben para todos. Ela tiña outras maneiras de amar a humanidade. Non era unha pedante dura, doutrinaria e plácida coma a señora Sand, pese a que tamén fose pedante; a súa pedantería era desenfreada, ardente, sibilina. Nin miga de prudencia! Era a *bas-bleu* a treo, suntuosamente impía e xacobina, insultante, *vesuviana* –un termo do seu tempo–, a *bas-bleu* vermella, audazmente escarlata, entre as *bas-bleus*!

A señora Colet comezou a ser famosa co verso, creo. Nada en Marsella, posuía o que eu denomino *poesía marsellesa*. Recibira na súa mente ese tipo de selo que o ceo e o mar do sur lles outorgan incluso aos intelectos vulgares. O seu era coma a súa beleza, que non carecía nin de brillo ostentoso nin de opulencia carnal, pero sen distinción ideal nin castidade... Era unha beleza republicana, tallada para representar unha deusa da Liberdade, con *tetas poderosas*, nos altares de Notre-Dame, naqueles días de orxía revolucionaria que, para ela, serían ditosos. Baixo Luís Filipo debía ter outros triunfos, e outro destino. A época non era heroica. A Academia substituíu a Notre-Dame por ela. Na Academia, considerárona fermosa, do mesmo xeito que a consideraron poeta. Os vellos dese lugar levantáronse varias veces perante esta Helena e

2 Personaxe da comedia *Les Femmes savantes* de Molière (Jean-Baptiste Poquelin, París, 1622-1673). Trissotin é un pedante «tres veces parvo». Malia presumir de ser un grande erudito en letras e ciencias, apenas sabe facer versos e só se interesa polas mulleres cultas polos seus cartos.

concedéronlle a coroa de mirto e a coroa de loureiro. Os Tallemant des Réaux³ da nosa época falarán –como falou ela mesma–, das paixóns póstumas que lle inspirou a Villemain⁴ –ese desafortunado espiñazo– e no corazón filosófico de Cousin, o testamentario, quen lle legou, coa grandeza dun Harpagon⁵ namorado, unha suma que non puido levar con el... Villemain e Cousin non foron os únicos, ademais, aos que se viu en actitudes comprometidas na súa casa... Sempre pescou académicos, incluso cando non conseguía pescalos... O seu salón era o parque de ostras da Academia. O propio Alfred de Vigny⁶, ese cisne, caeu un instante nese estanque...

Cunha vaidade literaria que arremedaba a histeria, a señora Louise Colet, esa *bas-bleu putipharéen* cos Joseph recalitrantes entre os escribidores de artigos – coma Sainte-Beuve⁷, por exemplo, que nunca entendeu ren e que lle botou enriba, a esta lamprea, ao seu secretario, Octave Lacroix, para librarse dela–, era demasiado impetuosa no seu amor propio para ser hábil; así a todo, non por iso era menos intrigante polo talento que cría ter, e entregouse en corpo e alma á súa gloria literaria e ás necesidades de publicidade que ningunha outra muller acometeu co mesmo ardor... Ambicionaba ser poeta mesmo máis ca ser escritora... Porén, esta muller do país da poesía fácil, esta foceana máis de Marsella ca de Focea era, na poesía, para os seus compatriotas Barthélemy e Méry o que un sabugueiro oco é para as frautas. Non cesou de mesturar a súa poesía, enfática e baleira, con todo, e mesmo a atopamos nas súas obras en prosa, que non son máis ca pretextos para o verso. Esta poesía, que pon a rodar na súa corrente, sen pureza, abelorios sacados de todos os ríos Pactolos, cando non de todos os ouropeis, ten no entanto unha maneira de facer rodar estas rebarbas e todas as súas impúdicas reminiscencias que á forza tiña que encandear os eivados da Academia, aos que o menor movemento prohibido e o menor signo de vida elemental lles parecen fenómenos! Ela tocaba con ardencia o seu sabugueiro oco... Todo carácter nesta furibunda ese ímpeto! Era tan temperamental coma fermosa... Co seu desorbitado orgullo e a súa cabeleira con longos rizos ao redor da face, debía de imitalle a algún

3 Gédéon Tallemant des Réaux (La Rochelle, 1619-París, 1692), escritor coñecido polas súas *Historiettes*, onde recompila biografías de políticos e contemporáneos.

4 Abel François Villemain (París, 1790-1870), escritor, profesor da Sorbonne e ministro de Instrución Pública de 1839 a 1845.

5 Personaxe de *L'Avare* de Molière.

6 Alfred de Vigny (Loches, 1797-París, 1863), poeta e romántico, así como autor de traducións en verso de pezas de Shakespeare com *Romeo e Xulieta*.

7 Charles Augustin Sainte-Beuve (Boulogne-sur-Mer, 1804-París, 1869), crítico literario e escritor.

Mirabeau, muller e poeta. Emporiso, para todos os demais seguía a ser unha plebea do seu porto, unha sorte de peixeira ou ostreira soberbia á que un imaxina cos brazos nas illargas, os ollos acesos, a boca aberta para a invectiva: un vomitorio sempre vizoso que salpicou o desventurado D'Arpentigny!

Mirabeau⁸, ademais, foi o centro das súas preocupacións dende moi nova. O temperamento de Mirabeau debía facer soñar estoutro temperamento... O debut na prosa da señora Louise Colet foi un *Étude sur la jeunesse* de Mirabeau; pero o Mirabeau deste estudo, pouco erudito, non é o Mirabeau histórico, senón o novelesco, e este libro non é máis ca unha novela. A autora tampouco é a señora Colet histórica, a *vesuviana* en erupción na que se converteu máis adiante. Non pasa da diminuta Révoil de antes do seu casoiro, a pequena interna de corpiño plano, brazos planos, mente plana, estilo plano e todo tipo de lisuras, e nunca se adiviñaría que deste vibrión –deste insignificante cilio– xurdiría un día este organismo turbulento, imprecatorio e espumoso que lle fixo a todo aquilo que durante moito tempo foi sagrado entre os homes, a relixión, a igrexa, o papado, os reis, os antigos costumes, o mesmo que lle fixo un serán ao rostro do capitán D'Arpentigny... Todas as obras deste espírito perdido están aí para o testemuñar. Dende os xudeus da Paixón, que ensuciaron o rostro divino do Salvador, endexamais se cuspira tanto.

II

Cuspía pola boca a Revolución. Horrible gárgola! Só o odio revolucionario podía ir de par coa vaidade desenfreada na alma da señora Colet, se é que podemos usar a palabra alma falando dela. Só estes dous sentimentos poden explicar o que escribiu. Así, a súa vaidade, que facía alarde coma un pavón mesmo do que debeu ocultar, ditoulle a súa novela intitulada *El*, do mesmo modo que o seu odio revolucionario lle fixo escribir as súas dúas novelas, *Les Derniers Marquis* e *Les Derniers Abbés*, e o seu libro que pretende ser historia pero non é máis ca un panfleto, *L'Italie des Italiens*. Un detalle ben particular é que quizais sexa a primeira vez que a exasperación dos sentimentos producise libros de tan pouca forza. Normalmente, a intensidade é máis fecunda!

8 Honoré Gabriel Riquetti (Le Bignon, 1749-Nemours, 1791), conde de Mirabeau, revolucionario francés, escritor, diplomático, xornalista e político.

L'Italie des Italiens é o último libro da señora Colet, e grazas aos acontecementos que recolle e que volve moi sospeitosos ao relatalos como os relata, pois que moral ten para que a creamos?, é o único dos seus libros que aínda se eleva un pouco por riba do abismo do esquecemento no que se afundiou todo o seu amasillo poético e narrativo, comezando pola novela *El*, ese escándalo, imitado doutro cuxos personaxes, con nomes só desfigurados para que puidésemos recoñecelos a todos, xa non están vivos, agás un... O que demostra a nulidade radical das mulleres, cando se trata de invención, é que só teñen unha novela na cabeza, e é a súa, a da súa vida. A señora Colet non foi unha excepción a esta lei. A señora George Sand, a quen a señora Colet envexou toda a vida, publicara *Elle et Lui*, na que esta bastarda de Rousseau se confesaba e deshonoraba o gran poeta que se rebaixara a amala. A señora Colet, celosa por partida tripla, do talento da muller, da súa tola fama e do éxito material do seu impúdico e vergoñoso libro, contou á súa vez a súa aventura co mesmo poeta, orgullosa, coma a femia dun chacal, de tocar o bocado deixado pola leoa! Namentres o contaba, mesturaba a historia dalgúns outros e daba renda solta a unha serie de actos de varias mesquiñas e pequenas vinganzas. Nada máis odioso..., ou máis feminamente odioso. A única invención nun libro así era probablemente un monllo de mentiras... Pero en canto á invención, entendida tal e como os grandes escritores e artistas a introducen nas súas obras –invención no sentido do ideal e da beleza–, non había ningunha. Trátase dun libro mediocre en inspiración... e cálculo, porque esta inspiración era calculada, sen composición, sen estrutura superior, vulgar nos detalles, pintado máis ca coloreado, tan groseiro é o cadro! Incapaz de afondar demasiado na natureza humana e de nos ofrecer un libro profundo sobre o que alí atopase, o único recurso da señora Colet é arrodear os amores envilecedores e envilecidos, cuxas tormentas nos relata, de extensas descrições de Venecia, xa manidas, e de citas de Byron sempre inevitables cando se fala de Venecia e que non concentran ningunha impresión nova e sincera. A señora Colet non a ten. É un eco e, por moito que se esaxeren as palabras, un eco que debilita o que repite. En *El* podería pensarse que, ao se tratar dun amor compartido, o que noutros lugares non era máis ca un eco deviría nunha voz. Mais non ocorreu nada diso. A *bas-bleu* que o estraga todo, incluso a muller apaixonada, a *bas-bleu* que apesta eternamente os libros que leu, non ten a verdade do corazón nin a do pensamento, e carece tanto de orixinalidade na paixón coma no talento.

E se esta orixinalidade está ausente nun libro persoal e no que participa a personalidade ferida da autora, que será dela nos libros coa

pretensión de seren impersoais? *Les Derniers Marquis* e *Les Derniers Abbés*, a xulgar pola ambición dos títulos, son dese tipo. Son e deben ser o retrato vivo dunha clase desaparecida, segundo a autora, ou a piques de desaparecer, da que eles son os derradeiros despoixos... *Les Derniers Abbés* e *Les Derniers Marquis*, baixo a pluma republicana da señora Louise Colet, malia non seren verdadeiros –e non podían selo–, cando menos podían ser formidables. Esperaba magníficas calumnias. *Les Derniers Marquis* e *Les Derniers Abbés* eran, nobres e curas, o que medrara da herba empezoñada segada pola guillotina. Eran o que espontaba entre esas herbas execradas que non obstante deben desaparecer, para que o Evanxeo da República democrática e social sexa verdade... Ao afirmar que eran os derradeiros, adiántase que non habería máis e asasínanse no ventre do futuro, pois dicir sen rodeos que as persoas están mortas é unha maneira de matalas... Era, pois, o golpe definitivo da guillotina... Ende mal, esa escritora indolente con pluma de muller non tiña o gume da coitela que mordera a alta e mesta herba humana, e esa pluma só podía rozar o lugar onde medraba esa grama maldita. Sabíámolo, criamos sabelo. Pero o que non sabemos é que a pluma non rozaría ese lugar; que a señora Colet non tiña unllas para rozalo; que permanecería impotente ante esas poucas e obstinadas palliñas que reaparecían; e que eses títulos para facernos tremer polo que conteñen só eran dúas imposturas e dúas estupideces, escritos pola última das *bas-bleus*.

E, malia a brutalidade, non esaxero: estupideces... Cando se escriben eses dous libros, non se pode ser outra cousa ca a derradeira das *bas-bleus*... Entre as que pululan por aí hai algunhas tan lamentables que nin sequera merecen o nome de *bas-bleu*, demasiado alto, e cómpre chamarlles «calcetíns». A señora Colet non pasa de «calcetín» en *Les Derniers Marquis* e *Les Derniers Abbés*. A estulticia inerme de *Les Derniers Marquis* está por debaixo de toda imaxinación e toda crítica. Agardabamos un archiloquio brillante e caemos na ridiculez... Todo leva a pensar que o título dado a algo tan trivial e parvo non é máis ca unha invención do editor para sacar dos andeis esta prodixiosa imbecilidade. É unha noveliña depravada, cativa e idiota, ambientada nos Pireneos e que non debería chamarse *Les Derniers Marquis*, porque só hai un, e que mesmo podería intitularse *Le Dernier Marquis* coma *Le Dernier Bourgeois*, *La Dernière Actrice*, *Le Dernier Écolier* ou *Le Dernier Aubergiste*, pois hai un burgués, unha actriz, un escolante e un pousadeiro nesta pobre novela, e todos tan insignificantes e tan planos coma o marqués de cartón, cuxos fíos move a autora!

A crítica, so pena de caer tamén no ridículo, non pode ir máis lonxe... Non se analiza o que non é... Polo menos, en *Les Derniers Abbés*, se ben a clase dos abades non supera a do marqués en *Les Derniers Marquis*, hai un odio e unha envexa persoal contra alguén; pero, cousa cómica, tristemente grotesca, coma un tic! De novo só hai un abade, e nin sequera é sacerdote, senón simplemente o famoso home de *Souvenirs d'une Cosaque*, do que non teño nada que dicir aquí, porque as *bas-bleus*, talvez desprezadas por el, se vingan e o deshonran... A señora Colet, que se diría que só ten este home como tema do libro, píntao coa envexa amarela e o odio verde que utilizou noutros lugares para pintar a princesa Belgiojoso⁹, e é entón cando recoñecemos, neste libro implacable contra un rival famoso que a esmagou coa súa superioridade, a inesgotable gárgola a lanzar inxurias contra calquera e cuxos libros foron sempre ou as cuspidas da súas iras ou as almofas das súas incontinentes paixóns!

III

Así son as novelas da señora Colet. Xa o dixen: o que as distingue é o seu nada como obras, humanas e literarias; é ese incomprendible nada do que as paixóns, que son todo vergoña e ridículo, nunca puideron sacalas. Unha chispa de talento pode brillar ás veces, até no medio da extravagancia; pero ningunha prendeu endexamais na extravagancia desta muller doente de vaidade, hidrófoba de silencio e escuridade. Nunca máis esforzo, máis tensión, máis fatuidade resultaron nun *fiasco* máis completo...

Esta filla natural de Diderot, coma a señora Sand o é de Jean-Jacques, carece da sanguínea plétora do seu pai. En prosa, coma en poesía, é enfática e oca. Ten o ventre grande coma un cántaro, pero baleiro. Por una contradición da natureza, é declamatoria e flácida. A declamación de Diderot ten músculo. A súa non, é pastosa... Na súa *L'Italie des Italiens*, título que tomou emprestado dun discurso ao trono de Víctor Manuel, cómpre recoñecer que non se mostra tan miserable e pobre coma nas novelas, pero a culpa non é súa... Para quen non existe por si mesma, a historia, que é algo por si mesma, substitúe, cos feitos, as facultades que non se teñen. É a táboa de salvación dos que, sen ela, se afundirían na súa pobre vacuidade.

9 Cristina Trivulzio di Belgiojoso (Lombardía, 1808-Milán, 1871), aristócrata participou de maneira activa na loita pola independencia italiana, ademais de escritora e xornalista.

A señora Colet, contra o final da súa vida, aferrouse á historia; e como un vestido pendurado dun cravo, colgou a mediocridade dos acontecementos contemporáneos, que ían poñela en evidencia, porque eran contemporáneos. Para ela, unha gran cousa –demasiado grande incluso–, tomar como pedestal a Italia revolucionaria, era máis fermoso ca o cabo Miseno! Coma nova Corinne¹⁰, transformouse xenerosamente na musa e historiadora dunha Italia que non llo reclamaba. Corinne sen Oswald; o tempo dos Oswald pasara. Corinne era austera, como correspondía a unha filla da Liberdade. Era vella, estaba enferma, pero era heroica. Tiña o catarro de Facino Cane¹¹, cuxa poesía recordaba o clarinete; pero a súa vaidade de *bas-bleu* era máis forte ca todos os arrefriados, e ela sacaba maxestosamente o seu, de Turín a Florencia e de Roma a Nápoles e Palermo, o Ducantal poético da liberdade!

O seu libro é longo; consta de catro volumes. Non hai dúbida de que se só escribise a historia da Revolución italiana sería máis breve; pero a súa personalidade desbordante inundouna e arrastrouna até a máis efervescente das charlas. Cinguir o pensamento aos feitos, que é o gran mérito do historiador, non era posible para esta muller cuxo ego ten patas de elefante, que se meten en todas as partes e todo o esmagan... Ademais, *L'Italie des italiens* non era só un libro de historia; era tamén unha viaxe na que a autora tiña dereito a falar de si, e, como imaxinan, ela non podía deixar de utilizar este dereito, ás veces insoportable! Non lle gusta nada en absoluto a súa tiranía. Nunca a personalidade que non deixa pedra sobre pedra ao seu redor estivo máis a gusto ca neste libro metade de historia e de viaxes... Só que esta personalidade non ten una opinión – unha soa opinión propia– sobre os feitos desta Revolución italiana, que acepta, ou máis ben traga, co misticismo dunha comungante que traga o seu Deus. E se utilizo esta comparación, cuxo sacrilexio lle devolvo, é porque a señora Colet, como Michelet, como Victor Hugo, coma todos os impíos do libre pensamento, non ten outra linguaxe contra o cristianismo ca unha linguaxe feita polo cristianismo. «Comungaba con el no pensamento filosófico», dicía en algures con esa fatuidade de *bas-bleu* que nunca a abandonou, e era de Lamennais de quen falaba e quen ben merecía, por certo, a insolencia desta familiaridade. A comungante con Lamennais, que tamén comungou con Garibaldi, o Cristo moderno, e que toma a Revolución Italiana por unha hostia, non podía xulgalas... *L'Italie des*

10 Protagonista da novela *Corinne ou l'Italie* (1807), de Germaine de Staël (París, 1766-1817). Relata unha historia de amor entre a poeta italiana Corinne e Lord Oswald Nelvil, un nobre inglés.

11 *Facino Cane* (1837) é unha novela curta narrada en primeira persoa que pertence a La Comédie humaine de Honoré de Balzac (Tours, 1799-París, 1850).

Italiens é un acto de adoración perpetua, no que, por primeira vez, e en contra da lei do amor, a que adora non se borra, non desaparece no amado. Por máis que a señora Colet, en efecto, absorbese a adoración da Liberdade e a Revolución Italiana e se mergullase nas súas delicias, farían falla moitas revolucións, unhas sobre outras, para impedir que a súa personalidade ascendese á superficie, e para facer desaparecer dos seus libros esa pequena vaidade de *bas-bleu* que sempre sobe á superficie, coma na auga na que se afoga un pequeno gato imposible de matar!

Non hai opinións, xuízos ou ideas que discutir aquí, porque o cerebro da señora Colet non está formado para formar opinións nin para lles ofrecer ideas aos demais. No seu libro só están as do partido ao que talvez pertenza dende o berce... Coa excepción dun reducido número de mentes, nas que a reflexión predomina e conduce á busca da verdade, case nunca se adoitan ter as opinións que se comparten na nacementa ou no medio social. Coido que a señora Colet era filla dun burgués. Imaxino esta filósofa e republicana cunha felicidade banal, pero embriagada, ao repetir no seu libro que a súa nai era nobre. Fala da nai e do castelo desta coma a mula da fábula falaría da súa, a egua, e do esplendor do seu cortello... A clase á que pertence pola parte de pai, dado que aínda non estamos na fase de aplicar as ideas de Girardin, que pretende que a nai sexa a posuidora do estado dos fillos, esta clase, inimiga dos marqueses, imprimiulle as súas opinións, e estas exaltáronse de maneira natural pola rebeldía dun amor propio sempre en garda, cando non furioso. A señora Colet, dende a mocidade, precipitouse cara ás ideas da Revolución, porque ela non era unha princesa, e unha sociedade na que ela non era unha princesa era necesariamente detestable. A opinión revolucionaria era toda súa. Non estaba en condicións de cambiala.

L'Italie des Italiens non é, en resumo, dende o punto de vista político e histórico, máis ca a opinión revolucionaria, a paixón revolucionaria, a declamación revolucionaria aumentada coa declamación peculiar desta imbécil que se tiña por grandiosa, e que se incha durante catro volumes cunha prosa que se asemella a un mal verso e con versos que se asemellan a unha mala prosa. Todo, homes e cousas, é excesivamente grandioso neste libro inconmensurable, agás ela, a laureada xacando adorada pola Academia; abaixada, na velleira, até ser só a soldadeira de Garibaldi, cociñándolle a gloria e poñendo demasiado loureiro nas súas salsas!

Pero a soldadeira non esquecía que era Corinne, e alternaba con ela... A historiadora non o é todo en *L'Italie des Italiens*, e na Italia non está só a dos italianos de hoxe; está a Italia por si mesma, a vella Italia, a de Rafael e Michelangelo, tan boa coma a Italia piemontesa de Víctor

Emmanuel. Esta Italia dos monumentos e dos museos é a que nos pinta a señora Colet... Non hai nada máis favorable á frase irreflexiva ca esa eterna descrición dos cadros, tan descaradamente practicada nos libros actuais dunha literatura bizantina... A señora non engade nada á opinión de todos os imbéciles revolucionarios, de todos os guías de Italia e de todos os curiosos que escriben sobre ela. Copia coa súa pluma, romántica e vulgar asemade, cadros xeniais, pintados polos máis grandes pintores que existiron, e ao describilos parece dicir, como Kepler a Deus: «Alégrate de que viñese a Italia, pois puideches esperar moito tempo por unha admiradora coma min».

Así que, eu, eu sempre! Alí e en todas as partes! O eu está omnipresente no libro da señora Colet, ou mellor dito, en todos os seus libros. Falar de Leonardo da Vinci lévaa a pensar nela. Pero se o eu é desagradable en Chateaubriand, xulguen o que pode ser na señora Colet! O egotismo, peor ca o egoísmo e do que xorde, o egotismo que é o egoísmo reducido e balbucinte, é supremamente o carácter de *L'Italie des Italiens*, deste libro feito sobre os demais por unha muller que nunca se esquece dela e que informa o universo do estado do seu catarro, namentres lle fala do seu heroe Garibaldi! Un día escribira *El*, un libro no que non falaba exactamente de «El». O seu libro sobre *L'Italie des Italiens* podería chamarse *Ela*, e tampouco falaría con exactitude de «Ela», xa que se pinta como nai e como muller, cousa que non fai en absoluto cos italianos, nin con Italia, nin coa verdade! É á vez esposa e nai de Coriolano. Interpreta a matrona romana, e só é a matrona de Éfeso! Faise pasar por Artemisia, bebendo en tinta as cinzas do seu marido, cando a lenda conta que o defunto Colet, que era músico pero non Sócrates, lle rompeu os seus mellores violíns na cabeza a esta Xantipa¹²... A hipocrisía do ego só é igualada no seu libro pola súa impertinencia. Ínflase coma unha ra, e que decepción, non rebenta...! Na señora Colet bates, en termos literarios, cunha señora Turcaret¹³, case tan grande coma unha señora Trissotin. Pero co que máis bates baixo esa máscara de republicana, que durante moito tempo asinou como «Señora Louise Colet, nada Révoil», é coa «burguesa xentilhome», a burguesa que morre de envexa e de rabia por non estar entre as últimas marquesas e que se coida de non dicirnos os nomes de

12 Esposa de Sócrates e nai dos seus tres fillos. Crese que era moito máis nova ca o filósofo, talvez corenta anos. Polo seu suposto mal carácter e a despectiva maneira de tratar o seu esposo, pasou á historia como insolente.

13 *Turcaret ou le Financier*, comedia de Alain-René Lesage (Sarzeau, 1668 à Sarzeau-Boulogne-sur-Mer, 1747) e estreada na Comédie-Française en 1709. A baronesa Turcaret é unha viúva nova desbaldidora que se aproveita do señor Turcaret, tolamente namorado dela e que lle prometeu matrimonio, malia que xa está casada en secreto. Dálle os cartos de Turcaret ao Cabaleiro, que o gasta no xogo.

todos os patricios tan xenerosamente estúpidos para admitila na súa casa, a esa inimiga!, dende o duque de Bordeos, que lle estreitou a man, conta ela, até o cardeal Antonelli, con quen falou de política e cuxa «sotana cubriu co seu vestido», tan cerca estaban un do outro, no mesmo sofá!

Incríveis espectáculos, non si? O duque de Bordeos, ese descendente puro de Luís XV, o Corrompido, pero quen, por máis corrompido que fose, se sentiu un día bastante rei como para non recibir a Voltaire, con ocasión do seu triunfo en París, tolo coa súa presenza! O duque de Bordeos estreitando a man da señora Colet coma se o exilio fixese tan fácil o apertón de mans coma Luís Filipo, o home que máis a prostituíu! E o cardeal Antonelli recibíndoa, a esa mesma Colet, coma a unha embaixadora, e discutindo, xeonllo con xeonllo, de política e do porvir do papado con ela...! Vaites! Non me fío destes relatos que, de seren certos, non farían máis que demostrar a espantosa anarquía das intelixencias e a escuridade que substituíu, na conciencia humana, a imperiosa luz do orgullo e dos deberes! A señora Colet di o que quere. Prefiro non crela a crer estas vergoñas... e así é menos probable que me equivoque.

Pero aínda que eliminásemos estes dous lamentables feitos dos relatos da señora Colet, o que quedaría seguiría a ser ignominioso dabondo. O que queda é que, nesta altura do século XIX, unha *bas-bleu* sen talento, sen consideración moral, e mesmo sen altura revolucionaria, foi quen de facerlle crer á maior parte de Europa que era algo e alguén! O que queda é que gobernos, ministros, embaixadores e aristocracia recibiron, saudaron, aclamaron e tomaron a señora Colet como confidente dos seus designios, e que mesmo os vapores do Estado se puxeron ás ordes desta peregrina da Revolución en xira. E que foi tratada en Italia coma o propio Lord Byron nunca foi tratado... Colet contra Byron! *For ever!* Evidentemente, xa non se trata dun caso de historia literaria degradada, senón de costumes modernas degradadas. A baixeza comezou sendo ridícula. Converteuse nun vicio social. Agora é un poder!